

1. Título do GT

“O QUINTETO DE VENTO. UN PERCORRIDO HISTÓRICO”

2. Xustificación

Os profesores das distintas especialidades instrumentais que compoñen a formación do Quinteto de Vento clásico (fauta, óboe, clarinete, fagot e trompa) desexan profundizar no estudo e práctica da interpretación no ámbito da música de cámara escrita para esta formación.

PROFESORES PARTICIPANTES

Fauta; Carlos Núñez Deza

Óboe; Esteban Vaquero Baquero

Clarinete; Santiago Comesaña Álvarez

Trompa; Jorge Fuentes Arce

Fagot; David Arroyos Juan

3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente

Interpretar una selección de obras representativas de diferentes épocas dende o clasicismo ata o século XX.

Dominar as partes individualmente e integralas no conxunto atendendo a aspectos como o equilibrio sonoro, afinación, emisión e estilo.

Ampliar o coñecemento do repertorio escrito para quinteto de vento.

Amosar o traballo realizado mediante a interpretación de a lo menos un concerto.

Incrementar a experiencia neste ámbito para trasladalo á práctica docente.

4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización

a. Traballo individual con anterioridade ós ensaios.

Estudio individual das partes de cada obra.

Análisis das obras propostas; desenvolvemento da obra na súa estrutura e características formales. Interacción de cada liña no contexto rítmico, melódico e armónico.

Profundización nos criterios interpretativos de cada obra.

b.Traballo grupal

Traballo de ensamblaxe das diferentes partes nos seus respectivos planos sonoros.

Traballo de afinación grupal no contexto das obras.

Traballo de fraseo conxunto.

Escoita activa e integración de todos os elementos que interveñen na interpretación conxunta.

Dominio da materia.

5. Metodoloxía

A metodoloxía propia deste proxecto consistirá na interpretación dun repertorio. Parte dun traballo tanto individual como grupal.

Haberá un “relator”, o especialista encargado de guiar o traballo do grupo dende o seu coñecemento e experiencia en formacións deste tipo.

A metodoloxía propia deste traballo consistirá na repetición de pasaxes en grupo destinado a comprensión e solución dos problemas específicos que plantexen determinados pasaxes das diferentes obras así como á comprensión e familiarización das mesmas na súa totalidade.

Este traballo incluírá tamén:

Exercicios específicos de afinación, emisión e dinámica así como a escoita de diferentes versións das obras a traballar interpretados por diferentes quintetos.

REPERTORIO:

PROGRAMA 1

Fantasia y Allegro en Fa menor K 594.....W.A .Mozart
Tres piezas breves.....Jaques Ibert
Quinteto.....Paul Taffanel

PROGRAMA 2

Quinteto.....Paul Hindemith
Seis Bagatelas.....György Ligeti

6. Organización de recursos humanos e materiais

A organización do espazo virá dada polo traballo en cada sesión:

A organización do traballo grupal parte da concreción das sesión de ensaio e datas de concerto que determinarán o tempo empregado ó traballo de cada obra e o carácter do mesmo.

O espazo de traballo, en principio, está pensado para que ser no CMUS de Ourense.

Os recursos materiais baséanse primordialmente na compra de partituras con dereitos de autor como poden ser as obras do século XX.

7. Criterios e procesos de avaliación

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

Utilizar todos os coñecementos adquiridos polo instrumentista na execución dun sonido relaxado e centrado.

Demostrar sensibilidade a hora de afinar, frasear e integrarse na sonoridad do grupo.

Demostrar un control e estudio sobre os pasaxes a interpretar.

Conseguir a interpretación de obras de diferentes estilos mantendo as características propias de cada un deles.

Interpretar en concerto as obras traballadas.

O proceso de avaliación terá primeiramente unha dimensión externa a partir do traballo co relator o especialista e posteriormente unha análise interna por parte do grupo a partir dos resultados obtidos no concerto o concertos que se fagan.

8. Temporalización

Calendario e horario previstos para a realización do proxecto:

HORAS ESTIMADAS DE ENSAIO CONXUNTO: 35

HORAS DE TRABAJO CON DOCENTE: 5 (en dos sesións)

HORAS DE TRABAJO INDIVIDUAL: 10

TEMPORIZACIÓN DO PROGRAMA I

NOVIEMBRE: días 17 e 24

DECEMBRO: días 1, 8, e 15

CONCERTO: día 22 en Puebla de Trives

TEMPORIZACIÓN DO PROGRAMA II

XANEIRO: días 19 e 26

FEBREIRO: días 2, 9, e 16

As sesións de traballo tendrán unha duración de 4 horas.

ABRIL: 5 e 6 ; dos sesións de traballo cun relator.

CONCERTO A FINALES DE ABRIL O MAIO

9. Necesidades orzamentarias

O gasto máis significativo vai a ser o relator.

Outros gastos serán a compra das obras con dereitos de autor como poden ser as escritas no século XX.

10. Indicación expresa de que para este grupo de traballo non foi recibida ninguna outra achega económica e que non se ten solicitada.

En ningún momento este Grupo de Traballo recibiu nin ten solicitada unha achega económica fóra do ámbito propio do CFR.

En Ourense, a 14 de outubro de 2016.